

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Contratación persoal laboral fixo Gonzalo Carrillo Bao

EXPEDIENTE: 2024/G003/001361

Considerando a Resolución da Alcaldía nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as Bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso de estabilización dunha praza de operaria/o de mantemento e dinamización de instalacións deportivas, persoal laboral fixo, ao abeiro do disposto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 11 de outubro de 2024, de contratación do aspirante Gonzalo Carrillo Bao.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1297/2024, de 18 de outubro, que lle requiriu ao aspirante proposto, a presentación da documentación esixida nas Bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por Gonzalo Carrillo Bao o día 22 de outubro de 2024, con Rexistro de Entrada nº 4.874.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Contratar como persoal laboral fixo a Gonzalo Carrillo Bao, con DNI nº ***9652**, para prover unha (1) praza de operaria/o de mantemento e dinamización de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

instalacións deportivas, grupo C, subgrupo C2, con data de efectos do día seguinte ao da notificación da presente Resolución.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos e dar traslado ao concelleiro de Persoal así como como aos Departamentos de Intervención e Recursos Humanos e Deportes.

Terceiro.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal>, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)